



A.R. 25/05/16

Maia + F



Asunto: Notificación de resolución de concesión da axuda



Procedemento: Plan marco: mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016

Promotor: Concello de Forcarei

Proxecto: Pavimentación e mellora das vías municipais de Pardelas, Murada e A Umia (Forcarei)

Número de expediente: PM16-0304302A-0210

Comunicáselle que por Resolución do director xeral de Agader resultou beneficiario dunha subvención ao abeiro do Plan marco: mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016, cofinanciado con Feader ao abeiro do PDR de Galicia 2014-2020

O importe da subvención e as condicións de execución son as que figuran na resolución que se xunta.

Santiago de Compostela, 23/05/2016
O subdirector de Planificación e Dinamización do Medio Rural
P.A. (Resolución 04/07/2013)
O secretario xeral de Agader



Severino Álvarez Monteserín

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLV RURAL (AGADER)
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 23/05/2016 10:35:59

SAÍDA 2345 / RX 710192



Concello de Forcarei
Forcarei
Praza da Igrexa, 1
36550 Forcarei (San Martiño) (Pontevedra)

RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDA

Plan marco: mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016

I.- Identificación do proxecto

- Nº de Expediente: PM16-0304302A-0210
- Título: Pavimentación e mellora das vías municipais de Pardelas, Murada e A Umia (Forcarei)
- Promotor: Concello de Forcarei

II.- Antecedentes

Nos termos previstos no Plan Galego de Controis Feader das medidas non establecidas no ámbito do sistema integrado para o período 2014-2020, o director xeral de Agader aprobou, mediante a Resolución do 25 de xaneiro de 2016 o Plan marco: mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016, cofinanciado con Feader ao abeiro do PDR de Galicia 2014-2020.

O Plan Marco constitúe o instrumento específico de planificación e xustificación das actuacións para apoiar os investimentos en infraestruturas para a mellora da rede viaria existente no medio rural para facilitar a accesibilidade ás explotacións agrarias, no marco da medida 4.3 do PDR de Galicia 2014-2020 a través das axudas instrumentadas segundo o procedemento de concesión previsto no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación co artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada lei (procedemento de concesión directa das axudas a través de resolución).

Para financiamento do citado Plan, nos orzamentos de Agader para o ano 2016 está prevista unha dotación orzamentaria máxima de 19.998.110 €, con cargo á aplicación 2016-13-A1-712A-760.00, e unha taxa de cofinanciamento do Feader do 75%.

O 1 de marzo do 2016 o promotor presentou unha solicitude de axuda para a execución do proxecto citado.

O equipo técnico da Subdirección Xeral de Infraestruturas Agrarias emitiu informe de conformidade, unha vez realizados os controis administrativos sobre a solicitude de axuda segundo establecido no Plan Galego de Controis Feader.

III.- Fundamentos legais

- Acordo do Consello da Xunta do 28 de xaneiro do 2016 no que se autoriza a Agader á concesión directa de axudas.
- Resolución do 25 de xaneiro do 2016, pola que se aproba o Plan Marco: mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016, co financiado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

Logo da instrución do procedemento nos termos previstos no Plan Marco e de conformidade coa proposta da Subdirección de Planificación e Dinamización do Medio Rural, o director xeral de Agader, no exercicio das competencias delegadas polo Acordo do Consello de Dirección do 11 de xullo de 2013 (Resolución do 24 de xullo de 2013, pola que se fai pública a delegación de competencias na Presidencia e na Dirección Xeral de Agader, DOG n.º. 148 do 5 de agosto),

RESOLVO:

Conceder unha subvención ao proxecto sinalado de acordo coas seguintes condicións:

1. O orzamento presentado e aprobado desagregado por partidas é o seguinte:

Partida	Orz. Present. (S/IVE)	Orz. Present. (C/IVE)	Orzamento Aceptado	Observacións
Obra Civil	78.940,00 €	95.517,40 €	78.940,00 €	
TOTAIS	78.940,00 €	95.517,40 €	78.940,00 €	



2. O importe da subvención, que se financiará con cargo á conta orzamentaria 2016-13-A1-712A-760.00, desagregado por fontes de financiamento é o seguinte:

Orzamento aceptado	78.940,00 €			
Importe da axuda	78.940,00 €	<i>Distribución por fondos</i>		
		FEADER	75 %	59.205,00 €
		MARM	7,5 %	5.920,50 €
		AGADER	17,5 %	13.814,50 €

As axudas concedidas ao abeiro do Plan Marco: programa de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias-2016 enmárcanse na medida 4.3 do PDR de Galicia 2014-2020, e inciden directamente na área focal 2A.

3. O procedemento de xestión das subvencións, así como o réxime de xustificación e pagamento dos investimentos subvencionables é o referido na Resolución do 25 de xaneiro de 2016, pola que se aproba o Plan Marco: mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016 cofinanciado Feader, no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

4. En tanto que esta axuda está cofinanciada por Feader, é incompatible con calquera outra que, para o mesmo proxecto ou finalidade, leve cofinanciamento comunitario, independentemente da tipoloxía do fondo de procedencia e da súa tipoloxía (subvención directa, bonificación de xuros...), Coa salvidade anterior, as subvencións concedidas son compatibles con calquera outras subvencións, axudas ou recursos destinados á mesma finalidade, procedentes de calquera administración pública ou entidade pública ou privada, sempre e cando o importe total acumulado non supere o custo da actividade subvencionada.

5. O prazo límite para a execución dos investimentos vinculados ao proxecto subvencionado e para a xustificación dos gastos será o 30 de setembro de 2016.

6. O pagamento das axudas efectuarase na conta bancaria designada a tal efecto polo beneficiario. Poderá realizarse un pagamento anticipado nos termos e condicións que resultan dos artigos 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, 63 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, e do artigo 45.4 do Regulamento (UE) n.º 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello.

7. Coa aceptación desta axuda o beneficiario asume as obrigas sinaladas, con carácter xeral, na Lei 9/2007, no Decreto 11/2009 e no Plan Marco e, en particular, as seguintes:

- Asumir todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido polo concello.
- Asumir a garantía de mantemento e conservación das obras subvencionadas durante un período mínimo de 5 anos a contar desde a data do pagamento final da axuda. Así mesmo, asumen o compromiso de que a obra non se someterá a ningunha modificación importante desde a súa entrega ata que se cumpra o prazo establecido no artigo 71 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013, do 17 de decembro, que impide modificacións importantes nos cinco anos seguintes.
- Asumir a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- Adoptar as medidas de difusión e publicidade, nos termos que se especifican no Plan Marco, segundo a regulación que deriva do anexo III do Regulamento (UE) n.º 808/2014, da Comisión, do 17 de xullo.
- Levar un sistema de contabilidade separado ou ben un código contable adecuado para todas as transaccións relativas ao proxecto subvencionado.

8. Consideracións a ter en conta para a subvencionabilidade do proxecto:
Ningunha

9. A Aprobación da subvención non presupón compromisos, nin confire dereito ningún ao beneficiario, de posteriores axudas da Xunta de Galicia nin dos organismos dela dependentes para o funcionamento ou mantemento futuro do proxecto subvencionado.

10. Procederá o reintegro das contías percibidas indebidamente e a esixencia dos xuros de demora nos supostos previstos no artigo 33.1 da LSG. Estes xuros calcularanse en función do tempo transcorrido entre a finalización do prazo de pago para o beneficiario indicado na orde de recuperación, que non poderá fixarse en máis de 60 días, e a data de reembolso ou dedución (Regulamento (UE) nº 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo). O procedemento de reintegro tramitárase nos termos previstos no artigo 77 do Decreto 11/2009.

11. Esta resolución pon fin a vía administrativa e contra ela poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección de Agader, no prazo dun mes ou recurso contencioso administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses. Estes prazos computaranse desde o día seguinte ao da recepción da notificación desta resolución.

Santiago de Compostela, 12 MAYO 2016

O director xeral de Agader
(Por delegación, Resolución do 24 de xullo de 2013, DOG n.º 148, do 5 de agosto)

Miguel Ángel Pérez Dubois

